





## ÍNDICE MEMORIA INFORMATIVA

<b>1. DATOS XEOGRÁFICOS E COMARCAIS</b> .....	<b>1</b>
<b>2. DATOS HISTÓRICOS</b> .....	<b>5</b>
2.1. ÉPOCA ROMANA E MEDIEVAL.....	5
2.2. ÉPOCA BAIXOMEDIEVAL E PRINCIPIO DA IDADE MODERNA.....	6
2.3. ÉPOCA MODERNA.....	6
2.4. ÉPOCA CONTEMPORÁNEA.....	6
2.5. EVOLUCIÓN DO TERMO MUNICIPAL.....	6
<b>3. CONTEXTO SOCIO - ECONÓMICO</b> .....	<b>7</b>
3.1. DEMOGRAFÍA.....	8
3.2. A POBOACIÓN E A SÚA FORMA DE OCUPACIÓN EN VIVENDAS.....	11
3.3. INDICADORES DEMOGRÁFICOS.....	13
<b>4. VIVENDA</b> .....	<b>14</b>
4.1. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS.....	14
4.2. A EVOLUCIÓN DA EDIFICACIÓN.....	15
<b>5. INDICADORES ECONÓMICOS</b> .....	<b>17</b>
5.1. AGRICULTURA.....	17
5.2. MONTES.....	18
5.3. GANDERÍA.....	18
5.4. PESCA.....	19
5.5. INDUSTRIA.....	20
5.6. CONSTRUCCIÓN.....	21
5.7. SERVIZOS.....	21
5.8. PRESUPOSTOS MUNICIPAIS.....	22
<b>6. OS ASENTAMENTOS HUMANOS</b> .....	<b>22</b>
6.1. A DIVISIÓN PARROQUIAL.....	22
PARROQUIA DE BAÍÑA (STA. MARIÑA).....	22
PARROQUIA DE BAREDO (STA. MARÍA).....	23
PARROQUIA DE BELESAR (SAN LORENZO).....	24
PARROQUIA DA RAMALLOSA (STA. CRISTINA).....	24
PARROQUIA DE BAIONA (STA. MARÍA DE AFUERA E DE STA. MARÍA).....	25
<b>7. O URBANISMO EN BAIONA</b> .....	<b>26</b>
<b>8. A SITUACIÓN URBANÍSTICA DOS MUNICIPIOS LIMÍTROFES</b> .....	<b>31</b>
<b>9. ESPAZOS NATURAIS</b> .....	<b>33</b>
9.1. A FOZ DO MIÑOR.....	33
9.2. SERRA DE ARGALLO.....	34
9.3. ENCORO DE BAÍÑA.....	34
<b>10. SERVIZOS URBANÍSTICOS</b> .....	<b>34</b>
10.1. ABASTECIMENTO DE AUGA.....	34
10.2. REDE DE SANEAMENTO (RESIDUOS LÍQUIDOS).....	35
10.3. RESIDUOS SÓLIDOS.....	37
10.4. GAS NATURAL.....	37
10.5. ENERXIA ELECTRICA.....	38
10.6. ILUMINACIÓN PÚBLICA.....	38
10.7. TELECOMUNICACIÓNS.....	38
10.8. EXTINCIÓN DE INCENDIOS.....	38
<b>11. EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS</b> .....	<b>40</b>
11.1. EQUIPAMENTO ESCOLAR PÚBLICO.....	40
11.2. SANITARIO.....	40
11.3. CEMITERIOS.....	40
11.4. EQUIPAMENTOS EXISTENTES POR PARROQUIAS.....	40
<b>12. CATÁLOGO DE BENS DE VALOR SINGULAR</b> .....	<b>42</b>

## MEMORIA INFORMATIVA

### 1. DATOS XEOGRÁFICOS E COMARCAIS

Baiona é un municipio cunha extensión superficial de 34,6 km<sup>2</sup>, localizado no sudoeste de Galicia, na provincia de Pontevedra, está bañado polo océano Atlántico, na baía de Baiona e na marxe esquerda da ría de Vigo.

A zona da ría de Vigo, á que pertence Baiona, é un dos exemplos dun país intensamente tectonizado, onde os formidables campos de fallas de direccións opostas obrigan a toda a rede hidrográfica á formación de cóbados en profundos vales encaixados.

A ría de Vigo é un espazo natural importante, como todas as Rías Galegas, pero coa peculiaridade de que a natureza ten que interaccionar cunha grande carga antropoxénica representada en primeiro lugar pola cidade de Vigo.

Na cola da ría atópase a enseada de San Simón, orientada cara ao norte, a esta zona chegan as achegas dos ríos Xunqueira, Ullo, Oitaven-Verdugo e Redondela rematando case a cunca que forma a enseada de San Simón, estes dous últimos ríos achegan o 75,2% da achega fluvial á Ría.

O clima é de tipo "chuvioso e morno", o réxime de chuvias é de tipo "mediterráneo marítimo" o que supón abundantes precipitacións ao longo de todo o ano cunha época algo mais seca en verán.

Os ventos dominantes son de compoñente W a SW para as estacións de verán e primavera e de compoñente S a SW en inverno e outono. Coinciden coa orientación da Ría producindo un considerable réxime de ondas para unha zona protexida como é esta, e mesmo poden chegar a ter un efecto de freo no refluxo e de acelerador no fluxo.

A área da enseada de San Simón que ocupa uns 4 km<sup>2</sup>, está protexida pola angostura do estreito de Rande, duns 600 -700 m, que forma parte da grande fractura que deu orixe á ría e que debe a súa estreiteza ao pouco desgaste sufrido polas rochas graníticas de gran resistencia e pola pouca erosión das augas defendidas polas illas Cíes, o que confire unhas características de baixa enerxía á enseada, a batimetría varía dos 35 m en Rande aos 4,5 m que atopamos na enseada, é unha zona mesomareal cun rango de marea de 3 m e de tipo semidiurna.

A parte media da ría esténdese dende Rande ata as enseadas de Cangas e Moaña polo norte e polo sur a cidade de Vigo xurdida ao abeiro dun grande lago mariño con profundidades de ata 20 metros e protexido pola pantalla das Illas Cíes que minimiza os embates do mar, ofrecendo un porto seguro cunha situación estratéxica que permitiu o desenvolvemento de toda a área de influencia, experimentando no último século un crecemento demográfico e industrial extraordinario.

Na última parte da ría ábrese unha grande baía duns 16 Km de lonxitude froito do cruzamento dunha serie de fracturas que afundiron as terras na costa de Cabo Silleiro e que alcanza á pequena baía da Ramallosa. O Val Miñor é unha bisbarra natural que debe a súa orixe non soa ás fracturas tectónicas senón tamén ás bandas de xistos que atravesan o val e que formaron as praias de Praia América, Panxón e de Baiona.

Baiona conta na súa zona urbana con 6 praias das máis diversas características, a primeira de elas, a praia de Ladeira, é a máis ampla de todas con 3 Km de lonxitude. É unha praia aberta ao mar e cunha pequena zona de dunas bastante degradadas, esta praia atopa no complexo intermareal de "A Ramallosa" que se atopa dentro do espazo natural protexido da Foz do río Miñor, a Foz é un indubidable recurso económico que é explotado pola confraría de pescadores da Anunciada, debido á existencia de moluscos como a ameixa fina, a cadelucha e o croque. Este delicado sistema ecolóxico, está a sufrir importantes modificacións que o degradaron e que é preciso rectificar, xa que ademais dos recheos artificiais que reduciron a área utilizada polas aves e das edificacións e estradas construídas no seu perímetro que limitaron o efecto de regulador hídrico da marisma, se produciron outros efectos negativos, como o aumento da contaminación, a instalación dun cámping sobre un recheo na barra litoral e a degradación das dunas.

As análises realizadas polos investigadores revelan que as concentracións de metais pesados son baixas ou nulas, salvo do cobre que presenta un nivel moderado; pero en cambio existe contaminación orgánica debida á acumulación de verteduras sólidas que provocan o enriquecemento de nutrientes que se manifestan na proliferación de algas verdes sobre todo na zona sur da praia da Ladeira. A situación da barra litoral na praia da Ladeira, sobre a que construíu un importante dique artificial con grandes bloques de granito, impide o movemento normal da area entre a praia e a marisma nos períodos de mareas vivas e de tormentas, xa que a marea alta bate directamente contra o dique desaparecendo a praia. Desta forma rompe o equilibrio e créanse correntes de deriva que favorecen a entrada de materiais finos na marisma mentres que se retira parte da area que se apoia nos muros de contención do paseo creado xunto á estrada

As dunas interiores desta praia, convertidas en improvisados aparcamentos e campo de prácticas nos que existen algunhas instalacións, están moi degradadas e precisan unha recuperación.

A frecha areenta ten dirección oeste, nesta frecha obsérvanse uns ripples coa cara de avalancha cara á praia o que nos indica que son ripples de fluxo de marea, a medida que estes ripples da frecha se achegan á praia, empezan a ter dúas caras de avalancha o que indica que as forzas dinámicas de transporte de sedimentos entre o fluxo e refluxo de marea están en equilibrio e o ripple non manifesta unha cara de avalancha determinada.

Cara ao N atópase a bocana do complexo intermareal de A Ramallosa, pola parte esquerda da bocana mirando ao mar vense unhas estruturas que se denominan megaripples, a maior velocidade, potencia da corrente ou maior tamaño de gran e en condicións similares de formación dos ripples fórmase estas estruturas, estes megaripples son de refluxo mareal que se combina co fluxo fluvial do Miñor, Belesar e Grova, o que lle confire a suficiente velocidade e potencia para formar estes megaripples, tamén no delta da Ramallosa se forman megaripples de refluxo.

Detrás da frecha vexetal e protexida por esta atopa o complexo intermareal de A Ramallosa. Este complexo esta desenvolvido ao abeiro dunha frecha litoral vexetada, o cal fai que o sistema teña características dinámicas de baixa enerxía.

Dentro deste sistema teñen unha acusada importancia os procesos de intercambio de augas fluviais e mariñas, polo cal podemos meter esta zona dentro do grupo de zonas estuarinas.

A vexetación está composta por especies halófitas estenoicas, ademais ao estar adaptadas morfolóxica e fisioloxicamente, cada especie distribúese nun sector determinado da área, así as manchas de vexetación son uniespecíficas e ben delimitadas.

Este complexo recibe achegas fluviais dos ríos Miñor, Belesar e Grova, a canle principal do río Miñor percorre o complexo de este a oeste, pola metade norte deste, os ríos Belesar e Grova xúntanse antes de entrar en contacto co río Miñor nas proximidades da bocana de saída da enseada desenvolvida na parte N da frecha litoral.

Dependendo das características hidrodinámicas e dos procesos que definen as distintas facies sedimentarias difírense dous sectores, con límites graduais e irregulares ao longo do tempo:

- Sector estuarino
- Sector intermareal

O sector estuarino localízase na metade N do complexo e esta sucado de E a W pola canle do río Miñor, este sector pode diferenciarse en tres submedios de depósito:

- Canle principal do río Miñor e corpos areentos asociados.
- Rampla de fluxo que forma parte do complexo deltaico de marea desenvolvido na bocana de desaugadoiro de todo o conxunto intermareal.
- Chaira intermareal mixta, que ocupa o extremo N deste sector.

Nesta zona prodúcese unha estratificación de augas, a auga doce forma unha capa superior e a auga salgada forma as capas máis profundas, pero esta estratificación defórmasse preto da bocana polas forzas de coriolis.

A canle do río Miñor é o mais dinámico do complexo, no seu leito predominan as áreas grosas desenvolvéndose megaripples de dimensións variables en función da intensidade das correntes que os xeran, nas súas cristas obsérvase frecuentemente unha colonización de algas verdes, o crecemento da cal a vai favorecido nos períodos de baixa enerxía do medio.

A metade este é a mais canalizada por un dominio das correntes fluviais, e na metade oeste prodúcese unha diversificación das canles pola confluencia canle fluvial/prisma de marea.

A rampla de fluxo desenvólvese nas proximidades da bocana que conecta a chaira intermareal coa enseada de Baiona, a súa formación esta relacionada coas correntes de fluxo de marea, formada por un corpo principal sobre o que se desenvolven megaripples de fluxo ( $\lambda = 1,20$  m), retocados por refluxo de marea en zonas adxacentes a canle principal.

A chaira intermareal mixta, que pode ser areenta ou lamacenta, esténdese ao longo do sector N do complexo e queda en exposición subaérea durante todas as mareas, a súa orixe pode estar relacionada coa migración e acumulación de barras areentas cara a este sector.

O sector intermareal ten unha dinámica mais moderada e no dominan as correntes orixinadas polo fluxo e o refluxo da marea e ten certa influencia fluvial na súa marxe occidental debido á canle do ríos Belesar e Grova, ademais de estar sucado por canles de menor envergadura que o drenan.

Segundo as súas características hidrodinámicas distínguense:

- Marisma salobre superior e inferior
- Chaira mixta
- Chaira areenta interior de arenícolas
- Canles de drenaxe

A marisma salobre esta sucada por un elevado número de canles que drenan a área cunha dirección preferente SE-NW. En relación co nivel de preamar e da vexetación presente, poden diferenciarse dous niveis: un superior, que queda mergullado en preamares de mareas vivas e presenta unha vexetación de tipo xuncal, e outro inferior, inundado en todas as preamares, dominado pola *Spartina*.

En relación co sedimento no complexo atopan materiais siliciclástico, material arrastrado polos ríos de natureza continental, e bioclastos (cunchas, etc), que son achegas mariñas.

A xeoloxía desta zona está caracterizada polos granitos cataclásticos característicos da Galicia occidental (que presentan textura orientada e dous tipos de micas) e por un conxunto de rochas metasedimentarias con predominio de micaesquistos e cuarcitas. Os depósitos sedimentarios actuais son o resultado da erosión das rochas lindantes e están constituídos por material siliciclástico. O tamaño de gran oscila entre os lamas, situados nas zonas máis elevadas ou de menor enerxía, e as áreas grosas que se atopan asociadas ás canles.

Despois de pasar a península de Santa Marta, atopámonos coa praia do mesmo nome, pequeno areal de grande riqueza marisqueira que da comezo ao paseo marítimo.

Na Península de Monte Boi temos as outras catro praias. No lado oeste, a praia de Ribeira conta cun paseo que nos leva ata a Praia Barbeira, situada entre os dous peiraos do Porto Deportivo, nas instalacións do club de iates.

No lado Leste, despois de pasar a punta, atopámonos coa Praia de Os Frades, chamada así porque era o lugar elixido polos frades do convento franciscano da fortaleza para darse os seus baños.

Despois dun pequeno porto natural, nas inmediacións do Parador, sitúase a pequena Praia de "A Concheira", esta praia sitúase na parte exterior da Ría de Vigo na súa costa sur, é a menos protexida de todas as que se visitaron, a granulometría é de gravas >2 mm., na praia obsérvase unha grande pendente, acorde ao seu tamaño de gran, A maioría dos grans son cunchas que chegan aquí debido á alta enerxía, queda reflectido isto fai que o nivel de carbonato sexa enorme.

En canto ao perfil da costa de Baiona, é alto, rochoso e aberto ao Atlántico, con algunhas illas e pequenas praias, no tramo comprendido entre o cabo Silleiro á Punta do Boi; e no tramo comprendido entre o castelo de Monterreal ata a desembocadura do río Miñor, interrompido pola península de Santa Marta, a costa é baixa e areenta.

A paisaxe do municipio presenta un relevo accidentado, sendo mais acusado no sur onde o relevo é máis escarpado con montes que superan os 600 metros de altitude, (632 m no Alto de A Groba), que no norte onde o relevo se fai máis suave rodeando a desembocadura do río Miñor co seu esteiro e no tramo final do río Groba. Ademais existen tamén pequenos outeiros como o monte de San Roque co enclave da Virxe da Rocha.

Dentro de dos límites límites municipais atópanse tres espazos naturais catalogados pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. O espazo da Foz do río Miñor, onde se atopa o complexo intermareal da Ramallosa, o encoro de Baíña, que serve de abastecemento de auga potable para a zona urbana, a serra de Argallo, que ten á serra da Groba dentro do límite municipal de Baiona.

A vexetación sufriu profundas modificacións pola acción do home de forma que o bosque Atlántico foi transformándose en brexeiras debido a destrución da cuberta vexetal e do conseguinte cambio climático, as cales foron á súa vez substituídos por repoboacións artificiais de piñeiros e de eucaliptos, que conxuntamente coa brexeira ou o toxo constitúen a masa forestal actual.

O clima das Rías Baixas está controlado en boa medida polas augas marítimas costeiras. Debido aos ventos do Norte-Nordés, que prevalecen entre abril e agosto, ao desprazar as augas superficiais da costa Oeste de Galicia favorecen o afloramento costeiro das augas profundas e frías. A auga aflorada caracterízase por unha baixa temperatura, un alto contido en nutrientes e valores baixos de osíxeno. Como consecuencia disto prodúcese a diminución da temperatura do aire en contacto coas masas de auga. Este arrefriamento aumenta a estabilidade atmosférica nos meses cálidos.

O clima inflúe de forma importante nos procesos de sedimentación condicionando o tipo de procesos que actúan no medio mariño e influíndo na achega de sedimentos dende as rexións continentais.

A zona de Baiona presenta un clima de tipo Mediterráneo-marítimo - segundo a clasificación de Papadakis (1966) - con abundantes precipitacións durante a maior parte do ano, que alcanzan o seu máximo nos meses de novembro, decembro e xaneiro (máis de 180 mm. / mes) e cunha estación seca que comprende os meses de xuño e xullo, con precipitacións menores de 40 mm. / mes. A temperatura media anual é de 14,9° C con valores que oscilan entre os 20° C de xullo e os 10,2° C de xaneiro. A amplitude térmica media é de 9,7° C.

## **2. DATOS HISTÓRICOS**

Na páxina web de presentación da cidade, existe unha pomenorizada descrición das distintas etapas históricas desta vila, a síntese da cal é a seguinte:

### **2.1. Época romana e medieval**

A fundación de Baiona, (identificada como Abóbriga polo xeógrafo Plinio) no ano 140 a.C. parece atribuírse a Diómedes de Etolia fillo do príncipe Tideo, fundador de Tui. Nesa época os romanos expulsan os cartaxineses da península ibérica, producíndose levantamentos en Gallaecia e Lusitania, enviando Roma ao cónsul Flavio Serviliano para sufocalos, asediando os rebeldes destas terras no recinto fortificado da Erizana, ata que as tropas de Viriato liberan a poboación acorralando aos romanos entre a baía e a montaña.

No ano 60 d c. Xullo Cesar chega a esta vila para preparar o asalto das illas Cíes onde estaban refuxiados os herminios.

No ano 587 é conquistada polo rei visigodo Recaredo quen a anexiona ao seu reino. Nos anos 730 é dominada polos árabes, ata que no ano 750 pasa a ser posesión do rei Alfonso I. No ano 997, Almanzor conquista a vila, pasando de novo a poder das árabes.

### **2.2. Época Baixomedieval e principio da idade moderna**

En 1.201, o rei Alfonso IX de León asinou nas illas Cíes unha Carta-poboa pola que outorgaba a Erizana o nome de Baiona e concedía aos seus habitantes importantes foros e privilexios para o comercio marítimo, deixando de depender do señorío do mosteiro de Oia.

Durante o século XIV, a situación estratéxica de Baiona propicia unha época, de guerras e de pactos entre os que a vai envolvida, que provoca a súa ruína, recibindo un novo impulso ao decidir en 1425 o rei Juan II que os portos da Coruña e de Baiona sexan os únicos que poidan descargar mercadorías do estranxeiro, autorizando o de Baiona a importar e exportar calquera clase de mercadoría.

En 1.474 foi asaltada por un dos mais desapiadados personaxes da época feudal, Pedro Álvarez de Soutomaior, coñecido como Pedro Madruga que construíu unha casa torre no Monte Boi que aínda existe no recinto do parador.

Data sinalada é a do 1 de marzo de 1.493 na que arribou a carabela La Pinta pilotada por Diego de Sarmiento, sendo o primeiro pobo de Europa en ter coñecemento do descubrimento de América. En 1.497 os Reis Católicos concederon numerosos privilexios aos 650 veciños de Baiona ordenándolles vivir dentro do recinto amurallado de Monte Boi para protexerse das invasións, que pasou a chamarse dende entón Monte Real.

### **2.3. Época Moderna**

Durante o século XVI, Baiona alcanza un grande esplendor aínda que ensombrecido polas epidemias e os frecuentes ataques piratas entre os que cabe citar o pirata inguas Francis Drake, que en 1.585 atacou a fortaleza defendida con éxito por o daquela Conde de Gondomar, conseguindo novos privilexios e a concentración dunha grande armada co obxecto de derrotar os numerosos piratas que merodeaban polas costas galegas

Durante os séculos XVI e XVII, continuaron os asedios constantes, xa que Baiona constituía o máis importante porto do sur de Galicia e do norte de Portugal, aínda que tan ben o máis difícil de conquistar. Durante a dominación napoleónica Baiona influíu decisivamente na reconquista de Vigo que foi a primeira cidade de Galicia que se librou do dominio francés.

### **2.4. Época Contemporánea**

En 1.823, Baiona deixou de exercer xurisdicción sobre o Val Miñor, quedando reducida a súa influencia ao termo municipal. Os canóns de Monte Real dispararon por última vez en 1.843 para repeler o intento do xeneral Iriarte de tomar a fortaleza no seu intento de manter o Movemento Liberal. En 1.859 deixou de ser fortaleza militar, vendéndoo o estado en 1.877, quen o recomprou en 1.963, converténdose en Parador Nacional tres anos despois.

### **2.5. Evolución do termo municipal**

No antigo réxime preconstitucional, Baiona era un correximento real da provincia de Tui onde as parroquias de Baíña, Vila Baiona, Belesar e a Ramallosa, pertencían á xurisdicción de Baiona.

Tras a primeira constitución de 1812, o territorio de Baiona pasa a estar constituído por tres concellos:

O de Baiona con tres parroquias: Baiona, Baiña e Baredo. O de Belesar; e o de Ramallosa.

No ano 1821, aparece un novo concello o de Baiña que incluía a parroquia de Baredo, quedando o concello de Baiona reducido á súa parroquia.

En 1823 a poboación destes catro concellos era a seguinte:

Concello	Poboación
Baiona	2.400
Ramallosa	2.150
Belesar	1.752
Baiña	1.345
Total	7.647

En outubro de 1823, Fernando VII decreta a volta ao antigo réxime.

Despois da división municipal de 23-7-1835, e tras a constitución da provincia de Pontevedra, o 7-12-1836 publícase a composición do concello de Baiona.

Parroquias	Nº Almas	Nº Veciños
Bayona Villa, Sta. María (Capital)	1.719	376
Baredo, Sta. María	565	116
Baiña, Sta. María	645	174
Belesar, San Lorenzo	855	186
Ramallosa, Sta. Cristina	552	133
Total	4.336	985

A cuestión das Illas Cíes. Se ben, o 17-4-1839, a deputación de Pontevedra resolveu que as Illas Cíes deberan agregar se ao Concello de Baiona por ser o punto máis próximo do continente, Vigo recorreu ao Rei quen por R.O de 20-6-1840, resolveu que as Illas Cíes pasasen a estar rexida polo Concello de Vigo.

### 3. CONTEXTO SOCIO - ECONÓMICO

A Bisbarra Metropolitana de Vigo encrávase nun contorno natural formado por catro unidades xeográficas: o Val de Fragoso, que corresponde co leito do río Lagares, a depresión topográfica entre Redondela e O Porriño, o Val do Oitavén e o Val Miñor, no que atopa o Concello de Baiona. Sobre esta multiplicidade de espazos superpúxose o fenómeno da metropolización, que englobou a todos eles nun espazo urbanizado único.

A Área Metropolitana de Vigo engloba os Concellos de Vigo, Redondela, Mos, O Porriño, Nigrán, Cangas, Moaña, Soutomaior, Pazos de Borbén, Pontearreas, Salceda de Caselas, Tui, Gondomar e Baiona delimitado no Estudo Estratéxico do Eixe Atlántico como Rexión Periférica de Vigo, teremos que no período 1991-2001 a Rexión Periférica incrementa a súa poboación en 16.880 habitantes dos que 11.143 son o incremento da área metropolitana. Polo tanto a área metropolitana absorbe 2/3 do crecemento.

Sobre este territorio natural produciuse ao longo do último século un intenso proceso de urbanización coa cidade de Vigo como centro focalizador, que o foi englobando en fases sucesivas. Nunha destas fases prodúcese a integración do Val Miñor, cunha clara función residencial e turística.

A Bisbarra Metropolitana de Vigo é un territorio sometido a un crecemento demográfico continuado, máis forte na década dos 70, menor nas últimas décadas, aínda que mantendo a tendencia positiva.

Cabe sinalar que na Área Metropolitana crecen todos os municipios, agás os máis afastados, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, posto que dada a súa relación directa coa cidade esta fai que os municipios da súa área metropolitana absorban parte dos novos residentes. Vemos que o crecemento é proporcionalmente maior nos municipios coa densidade máis alta, o que fala de que o desenvolvemento demográfico positivo se produce soamente en presenza dun nivel de densidade, que se relaciona con feitos urbanos, coma no caso da área metropolitana, ou con feitos de diversificación da base económica como sucede no caso da rexión periférica.

Estas observacións xustifican a dobre perspectiva de encadre territorial do municipio de Baiona aos efectos da súa ordenación territorial.

- Como municipio dunha área metropolitana de forte peso demográfico situado na zona de influencia da cidade de Vigo, absorbendo continuos procesos de nova residencia.

- Como municipio asociado á Rexión urbana pero con valores adicionais vinculados ao seu potencial turístico, á súa proximidade xeográfica á cidade o que dinamiza as relacións de traballo, comarcais e residenciais. Os seus valores ambientais singularizan o municipio de Baiona dentro da Área Metropolitana de Vigo e condicionan o seu papel. Neste contexto aparece un novo proceso de grande influencia para os municipios limítrofes da cidade, que consiste no potencial de deslocalización da primeira residencia dende a cidade central, proceso que en termos demográficos alimentou o crecemento de Baiona nas décadas recentes, converténdoo un municipio que mantén unha das maiores taxas de crecemento da bisbarra.

#### 3.1. Demografía

A evolución demográfica da poboación residente no municipio de Baiona presenta un carácter positivo constante durante o pasado século XX e os anos primeiros deste século XXI, pasando de 10.483 habitantes en 1.990 a 11.337 habitantes en 2004, sendo moito maior o crecemento da poboación vinculada e a flotante, de forma que os períodos estivais cuadríplícase a poboación, como consecuencia do carácter turístico da zona e da mellora das comunicacións por estrada que supuxo a construción da vía de alta velocidade con dúas saídas ao núcleo principal.

##### 3.1.1. Evolución da Poboación

Por sexos, a evolución do crecemento da poboación nos últimos anos, foi a seguinte, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística.

Ano	Homes	Mulleres	Total
1.986	5.066	5.266	10.332
1.987	5.079	5.278	10.357
1.988	5.095	5.310	10.405
1.989	5.095	5.310	10.405
1.990	5.132	5.351	10.483
1.991	4.959	5.163	10.122
1.992	4.983	5.203	10.186
1.993	5.123	5.325	10.448
1.994	5.268	5.506	10.774
1.995	5.356	5.575	10.931
1.996	5.129	5.370	10.499
1.997	-	-	-
1.998	5.107	5.336	10.443
1.999	5.214	5.445	10.659
2.000	5.271	5.470	10.741
2.001	5.328	5.545	10.873
2.002	5.410	5.604	11.014
2.003	5.501	5.652	11.153
2.004	5.597	5.740	11.337
2.005	5.703	5.818	11.521
2.006	5.751	5.902	11.653
2.007	5.868	5.971	11.839
2.008	5.946	6.030	11.976
2.009	6.000	6.091	12.091
2.010	6.037	6.117	12.154
2.011	6.102	6.156	12.258

### 3.1.2. Poboación Actual

Os últimos datos oficiais, referidos ao ano 2011, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, ofrecen a seguinte situación poboacional:

Baiona	Homes	Mulleres
Total	6102	6156
0-4	269	283
5-9	301	258
10-14	286	245
15-19	266	268
20-24	350	346
25-29	435	395
30-34	546	550
35-39	572	553

40-44	518	473
45-49	464	457
50-54	455	436
55-59	398	414
60-64	389	362
65-69	298	303
70-74	197	268
75-79	190	214
80-84	100	178
85 e máis	68	153

### 3.1.3. Procedencia da poboación

Do total da poboación en 2011 de 12.258 habitantes, a procedencia destes segundo lugar de nacemento:

Ano	No concello de Baiona	Noutro concello da mesma provincia	Noutra provincia de Galicia	Noutra comunidade autónoma	No estranxeiro
2011	6885	3069	669	639	996

A procedencia da poboación nacida no estranxeiro, por continentes, é a seguinte:

	Total	Homes	Mulleres
Europa	470	273	197
África	24	10	14
América	441	217	224
Asia	16	6	10
Oceanía	1	1	0
Total	952	507	445

### 3.1.4. Migracións a nivel provincial

	1998	2008	2010
Inmigración doutra provincia de Galicia	448	652	647
Emigración externa	30	88	95
Inmigración do estranxeiro	316	868	953



No ano 2003 o movemento migratorio foi o seguinte:

Emigración	Emigración interna	347
	Emigración externa	83
	A outra CCAA	63
	Ao estranxeiro	20
Inmigración	Inmigración interna	297
	Inmigración externa	128
	Doutra CCAA	84
	Do estranxeiro	44

Analfabeto	173
Sen estudos	956
1º grao	3181
2º grao	4097
3º grao	765

	Homes	Mulleres
Baiona		
Solteiro/a	2593	2316
Casado/a	2551	2528
Viúvo/a	117	574
Separado/a	66	103
Divorciado/a	29	25

Polo que respecta á taxa de escolaridade de menores de 16 anos, é practicamente do cen por cento dende os dezaseis ata os catro anos, diminuíndo progresivamente ata o 9,91% en nenos de ata un ano.

### 3.1.5. Poboación vinculada

A taxa de poboación vinculada en Baiona é de 148,07% respecto á poboación residente, sendo a terceira máis alta da provincia de Pontevedra, despois de Sanxenxo (185,84%) e de Porriño (160,02%).

Cando a poboación residente era de 10.931 persoas. Outras 5.255 estaban vinculadas na seguinte forma:

Población residente	So residente	8.482
	Reside e traballa	1.947
	Reside e estudia	357
	Reside e ten unha segunda vivenda alí	145
<b>Total poboación residente</b>		<b>10.931</b>
Población vinculada	Porque traballa alí	857
	Porque estudia alí	55
	Porque ten segunda vivenda	4.343
<b>Total Poboación vinculada non residente</b>		<b>5.255</b>
<b>TOTAL POBLACIÓN VINCULADA</b>		<b>16.186</b>

Anos	Taxa de escolaridade
de 0 a 1	9,91
de 1 a 2	36,73
de 2 a 3	58,24
de 3 a 4	83,70
de 4 a 5	100
de 5 a 6	99,07
de 6 a 7	100
de 7 a 10	100
de 10 a 13	100
de 13 a 16	98,56

### 3.2. A poboación e a súa forma de ocupación en vivendas

A poboación que reside en vivendas colectivas, que a penas ten representación de Baiona, se compoñen na seguinte forma:

A poboación que reside en vivendas familiares convencionais, segundo o sexo e estado civil repártese do seguinte xeito:

Aloxamento turístico:

Vivenda colectiva principal	Nº
Hoteis, pensións , albergues...	4
Colexios maiores, residencias estudantes...	0
Residencia traballadores	0
Hospitais de curta estancia	0
Hospitais siquiátricos	0
Hospitais larga estancia	0
Asilos ou residencias ancianos	0
Institucións discapacitados	0
Albergues marxidados sociais	0
Asistencia social a infancia, xuventud...	0
Institucións relixiosas	26
Establecementos militares	0
Institucións penitenciarias	0
Outros establecementos	0
<b>Total residentes Vivendas Colectivas</b>	<b>30</b>

- Un parador (4 estrelas)
- Un hotel (3 estrelas)
- Seis hoteles (2 estrelas)
- Seis hoteles (1 estrelas)
- Dos pensiones (2 estrelas)
- Una pensión (1 estrella)
- Catro apartamentos ou apartahoteis
- Tres casas rurais
- Un cámping
- En total 25 aloxamentos turísticos
- 1 centro de día

### 3.3. Indicadores demográficos

Segundo os datos publicados en 2005 polo I.G.E os indicadores demográficos referidos ao ano 2003 de da bisbarra son os seguintes:

	Taxa bruta de natalidade	Taxa bruta de mortalidade	Taxa bruta de nupcialidade
Baiona	9,6	7,8	3,7
Fornelos de Montes	3,1	11,1	3
Gondomar	9,7	9	4,1
Mos	9,4	9,8	3,2
Nigrán	6,8	7,9	3,4
Pazos de Borbén	7,6	15,1	3,1
Porriño, O	11,1	7,2	3,9
Redondela	8,1	8,8	3,8
Salceda de Caselas	16,1	7,9	6,7
Soutomaior	12,3	6,7	5,3
Vigo	9	8,3	3,6

#### Definicións dos indicadores:

➤ **Taxa bruta de natalidade:**

Número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

➤ **Taxa bruta de mortalidade:**

Número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

➤ **Taxa bruta de nupcialidade:**

Número de matrimonios por cada 1.000 habitantes

## 4. VIVENDA

### 4.1. Evolución do parque de vivendas

O número de edificacións e de vivendas creceron de forma moi importante, debido á actividade turística e á influencia da área de Vigo e das comunicacións, de forma que:

Ano	Nº Vivendas
1970	2215
1991	4753
2001	6531

Do total de vivendas existentes, 851 están baleiras, o que representa un 13% do total. O reconto de vivendas seguen a súa clase é o seguinte:

CLASE DE VIVENDA	Vivendas	%
Vivendas familiares convencionais principais	3415	52,32
Vivendas familiares secundarias	2257	34,58
Vivendas familiares valeiras	851	13,04
Vivendas colectivas	4	0,06
Total	6527	100

A construción de vivendas familiares secundarias sufriu un crecemento máximo na década dos 70, sendo outra vez moi intenso na última década, quizais solo freado pola escaseza de solo susceptible de ser urbanizada con éxito. A evolución foi a seguinte:

Ano Construción	Nº Vivendas
Antes 1900	22
1900-1920	33
1921-1940	18
1941-1950	18
1951-1960	70
1961-1970	286
1971-1980	745
1981-1990	368
1991-2001	697
Total	2257

A construción de vivendas familiares secundarias sufriu un crecemento máximo na década dos 70, sendo outra vez moi intenso nas dúas últimas década, quizais solo freado pola escaseza de solo susceptible de ser urbanizada con éxito. A evolución foi a seguinte:

Ano Construción	Nº Vivendas
Antes 1900	22
1900-1920	33
1921-1940	18
1941-1950	18

1951-1960	70
1961-1970	286
1971-1980	745
1981-1990	368
1991-2001	697
2001-2010	782

Efectuáronse novos estudos relativos a evolución do parque de vivendas nos últimos anos, completando os existentes no documentos de Información Urbanística, si ben non poden considerarse moi representativos. Son os seguintes:

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Edificios nova planta	49	63	77	86	44	66	61
Residencial	49	61	76	82	42	66	59
Non residencial	-	2	1	4	2	-	2
Superficie nova pranta (m2)	56.930	73.436	48.630	38.969	47.860	24.880	23.949
Residencial (m2)	56.930	71.666	48.138	36.102	47.612	24.880	23.637
Non residencial (m2)	-	1.770	492	2.867	248	-	312
Vivendas nova pranta	398	447	249	190	279	118	146
Edificios en rehabilitación	8	4	16	12	12	7	14
Vivendas en rehabilitación	2	2	26	4	1	-	8
Edificios en demolición	-	5	3	2	3	3	5
Vivendas en demolición	-	6	7	5	4	3	11

Número e superficie de edificios e vivendas segundo o tipo de obra ( Fonte IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Total	47	58	83	69	58	67	72
Nova pranta	37	52	60	54	38	54	41
Con demolición previa	0	3	3	2	0	2	1
Sen demolición	37	49	57	52	38	52	40
Rehabilitación	10	6	23	15	18	13	28
Edificios	8	4	16	12	12	7	14
Demolición parcial previa	2	2	9	6	6	4	10
Sen demolición	6	2	7	6	6	3	4
En locais	2	2	7	3	6	6	14
Sólo demolición total	0	0	0	0	2	0	3

Número de licenzas segundo tipo de obra ( Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística da construción de edificios)

#### 4.2. A evolución da edificación

O carácter das edificacións variou profundamente nos últimos anos en dúas direccións fundamentalmente. Por un lado incrementouse as edificacións en altura con vivendas colectivas na zona do ensanche, e por outro lado substituíronse as construcións tradicionais dos núcleos, de forma

que na franxa costeira desapareceu, sendo substituídas con tipoloxías tipo chalé, con aumentos de volume xerados fundamentalmente ao elevar as plantas coa achega de semisotos e grandes volumes en cuberta.

As vivendas unifamiliares xurdidas nalgúns sectores do ensanche son en xeral pegadas con grande intensidade de ocupación e de edificabilidade, correspondendo en xeral a vivendas secundarias.

Segundo o último censo de edificios publicado polo I.N.E, correspondente ao ano 2001, os tipos de edificios eran os seguintes:

Tipo Edificio	Nº Edificios
Edificios cunha vivenda unifamiliar	2.149
Edificios só con varias vivendas familiares	574
Edificios con varias vivendas compartindo locais	228
Edificios como hoteis, albergues...	2
Edificios como conventos, cuarteis...	2
<b>Total</b>	<b>2.953</b>

A relación entre o edificio e o seu número de vivendas é a seguinte:

Nº Vivendas	Nº Edificios
0	133
1	2242
2	384
3	100
4	34
5 a 9	83
10 a 19	61
20 a 39	50
40 ou máis	8
<b>Total</b>	<b>3095</b>

O número de plantas de cada edificio, sobre e baixo rasante reflíctese no cadro seguinte:

Nº de plantas sobre rasante	Nº de edificios
1	791
2	1841
3	317
4	72
5	36
6	0
7	12
8	20
9	6
10 ou máis	2
<b>Total</b>	<b>3095</b>
Nº plantas baixo rasante	Nº edificios
0	3086
1	6
2	3

3 ou máis	0
<b>Total</b>	<b>3095</b>

Os últimos datos dispoñibles correspondentes ata o ano 2006 son os seguintes:

	Vivendas familiares	Principais	Secundarias	Baleiras	Outro tipo	Edificios	Locais
Baiona 2000	6.527	3.415	2.257	851	4	3.095	598
Período 2000-2006	1.827						
Total a 2006	8.354						

Número de vivendas en Baiona ( Fonte IGE)

## 5. INDICADORES ECONÓMICOS

### 5.1. Agricultura

Os aproveitamentos existentes no municipio consisten fundamentalmente na explotación forestal dos montes en man común que dispoñen de masas arboradas de picos e eucaliptos nunha superficie superior ao 50% do termo municipal. Ademais dispoñen de cultivos de labor intensivo, prados, hortas e viñedos en xeral de autoconsumo, en parcelas de moi pequena extensión.

A actividade agrícola intensiva foi perdendo paulatinamente importancia económica, relegándose a un papel de actividade secundaria e complementaria das familias, practicada forma parcial. A agricultura que ocupaba en 1991 ao 36,2% da poboación activa, tan só representaba un 1,3%, no ano 2003, cun total de 63 persoas ocupadas.

A superficie destinada a labores agrícolas é necesariamente limitada debido a o releve accidentado do interior e á ocupación intensiva da franxa costeira máis chaira. Nas zonas de horta, xeralmente próximos aos núcleos rurais, cultívanse patacas, distintos legumes, existindo zonas con invernadoiros de produción hortoflorícola. No resto das áreas cultivadas, existen plantacións forraxeiras, cebada e avea, formando un mosaico que non é sempre identificable ao estar enormemente mesturado.

O cultivo da vide esta pouco estendido, se exceptuamos a zona norte de Baiona, incluída na zona vitivinícola Miñor, que produce grande cantidade de viños, aínda que en parcelas de pequena extensión e en xeral mesturadas con outras parcelas destinadas a outros cultivos complementarios.

O grao de parcelación das zonas destinadas a explotacións agrícolas dedúcese do número de explotacións censadas e da súa extensión, resultando un tamaño medio de 0,34 hai. A súa evolución foi a seguinte:

Explotacións con terras	Explotacións	Hectáreas
2003	101537	724624
2005	91452	732759
2007	87782	748658

### 5.2. Montes

O subsector forestal é moi importante dado que o espazo arborado ocupa o 49,6% da superficie do termo municipal. Na súa maior parte está constituído por montes en man común dos veciños de cada unha das parroquias, nas seguintes magnitudes:

Montes veciñais en man común	
Parroquias	Superficie Ha
Baredo	404,63
Sta. Maria de Afuera	34,97
Sta. Cristina de Ramallosa	107,66
Belesar	549,87
Baíña	448,85
A Granxa	285,63

Estes espazos arborados están constituídos principalmente por dúas especies de repoboación: o piñeiro marítimo e o eucalipto, en masas puras ou asociadas ocupando as abas dos montes, formando en xeral masas compactas con algúns claros.

O aproveitamento madeireiro do piñeiro marítimo realízase mediante quendas de curta e trinta anos, e o do eucalipto por quendas de dez anos, abastecendo as fábricas de madeira, serradoiros e industrias da construción.

A superficie de monte baixo está ocupada principalmente por matogueiras de toxo, breixo e xesta, estando a súa utilización en regresión dada a perda de importancia do pastoreo e do sector agrícola.

### 5.3. Gandería

O subsector gandeiro é cada vez menos importante tanto en explotacións coma en número de reses. Tan só ten relevancia o gando bovino en pequenas explotacións. Segundo os datos do I.G.E. no ano 2010, a situación gandeira en Baiona, era a seguinte:

Número de bovinos	Número de vacas	Outros bovinos
46	6	40

#### 5.4. Pesca

O sector pesqueiro, correspóndese cunha actividade primaria de relativa importancia, sobre todo para as parroquias costeiras. Ocupa a un total de 624 persoas (533 homes e 91 mulleres) o que representa un 12,8% da poboación activa. A actividade desenvólvese, ben en embarcacións con base en Vigo, ou con carácter máis artesanal que opera en barcos próximos á costa e que teñen a súa base no porto pesqueiro de Baiona.

Dentro deste sector, a actividade marisqueira é importante (o marisqueo a pé que o constitúen 77 persoas para o percebe e 42 persoas para os bivalvos) sendo as principais especies a ameixa e a nécora.


A flota pesqueira con base no porto de Baiona é de 101 embarcacións as dimensións das cales oscilan entre os 4 e os 11 metros de eslora.

A evolución das capturas nos últimos anos, segundo os estudos realizados polo Plan Especial do porto foi a seguinte:

